

Follas do Cineclub | 31/05/2017

Ás

05

(Крылья [Krylya], Larisa Shepitko, URSS, 1966, 85', VOSG)

“A persoa é máis que a guerra”(Tradución da obra de Svetlana Alexiévich *La guerra no tiene rostro de mujer*, Barcelona: Círculo de lectores, 2015, p. 11-22).

Escribo sobre a guerra...

Eu, a que nunca quixo ler libros sobre as guerras a pesar de que na miña infancia eran a lectura favorita. De tódolos coetáneos. Non é sorprendente: eramos fillos da Gran Vitoria. Os fillos dos vencedores. Que cal é o meu primeiro recordo de guerra? Á miña angustia infantil no medio das palabras incomprensibles e ameazantes. A guerra sempre estivo presente: na escola, na casa, nas vodas e nos bautizos, nas festas e nos funerais. Incluso nas conversas dos nenos. Un día o meu veciño preguntoume: “Que fai a xente baixo a terra? Como viven alí?” Nós tamén queríamos descifrar o misterio da guerra.

Entón por primeira vez pensei na morte... Xa nunca máis deixei de pensar nela, para min tornouse no maior misterio da vida.

Para nós, todo orixinábase naquel mundo terrible e enigmático. Na nosa familia, o avó de Ucraína, o pai da miña nai, morreu na fronte soterrado en solo húngaro; a avoa de Bielorrusia, a nai do meu pai, morreu de tifo nun destacamento de partisanos; dos seus fillos, dous marcharon co exército e desapareceron os primeiros meses de guerra, o terceiro foi o único que regresou á súa casa. Era o meu pai. Os alemáns queimaron vivos a once dos seus familiares xunto cos seus fillos: a uns na casa e a outros na igrexa da aldea. E así foi en cada familia. Sen excepcións. Durante moito tempo xogas a “alemáns e rusos” foi un dos xogos favoritos dos xogos nas aldeas. Berraban en alemán: “Hände hoch! Zurück! Hitler kaput!”.

Non coñeciamos o mundo sen guerra, o mundo da guerra era o único achegado, e a xente da guerra era a única xente que coñeciamos. Ate agora non coñezo outro mundo, nin a outra xente. Acaso existiron algunha vez?

A aldea da miña infancia era feminina. De mulleres. Non lembro voces masculinas. Téño moi presente: a gue-

rra relátana as mulleres. Choran. O seu canto é como o pranto.

Na biblioteca escolas, a metade dos libros era sobre a guerra. O mesmo na biblioteca da vila, e na rexional, onde meu pai adoitaba ir a buscar os libros. Agora xa sei a resposta á pregunta “por que?”. Non era por casualidade. Sempre estiveramos ou combatendo ou preparándonos para a guerra. Ou lembrabamos como combatéramos. Nunca vivimos doutro xeito, debe ser que non sabemos facelo. Non nos imaxinamos como é vivir doutro modo, e levaranos moito tempo aprendelo.

Na escola ensinábannos a amar a morte. Escribiamos redaccións sobre canto nos gustaría entregar a vida por... Era o noso soño.

Sen embargo, as voces da rúa contaban a berros outro historia, esa historia resultábame moi tentadora.

(...)

A sorpresa. As profesións militares das mulleres eran: instrutora sanitaria, francotiradora, tiradora de metralladora, comandante de canón antiaéreo, zapadora... Agora esas mesmas mulleres son contables, auxiliares de laboratorio, guías turísticas, mestras... Os roles non coinciden. Ao recordar parece que evocan a outras mozas. Lembran a abráianse de si mesmas. Ante os meus propios ollos vexo como a Historia se humaniza, vaise parecendo á vida normal, xorde unha iluminación diferente.

Algunhas destas mulleres son narradoras extraordinarias, nas súas vidas hai páxinas capaces de competir coas mellores páxinas de clásicos da literatura. O ser humano vese a si mesmo con claridade dende arriba -dende o ceo- e dende abaixo -dende a terra-. Diante está todo o camiño de arriba a abaixo: do anxo á besta. As lembranzas non son un relato apaixonado do impasible da realidade desaparecida, son o renacemento do pasado, cando o tempo volve a suceder. Lembrar é, ante todo, un acto creativo. Ao relatar, a xente crea, redacta, a súa vida.

(...)

En óptica existe o concepto de luminosidade: é a capacidade do obxectivo de fixar mellor ou peor a imaxe captada. En canto á intensidade dos sentimentos, da percepción da dor, a memoria bélica das mulleres posúe unha “luminosidade” extraordinaria. Diría incluso que a guerra feminina é máis terrible que a masculina. Os homes ocúltanse detrás da Historia, detrás dos feitos; a guerra sedúceos coa súa acción, co enfrontamento das ideas, dos intereses... mentres que as mulleres están a expensas dos sentimentos. E outra cousa: aos homes

A PERSOA É MÁIS QUE A GUERRA

SVETLANA ALEXIÉVICH

dende que son nenos se lles di que tal vez, de maiores, teñan que disparar. Ninguén lles ensina iso ás mulleres... Elas non contaban con que terían que facer ese traballo... As súas lembranzas son distintas, a súa forma de lembrar é distinta. Son capaces de ver aquilo que para os homes está oculto. Repito: a súa guerra ten olores, cores, ten un detallado universo existencial: "Déronnos uns macutos e usámoslos para cosernos unhas saias"; "Na oficina de recrutamento, entrei por unha porta levando un vestido e saín por outra levando un pantalón e unha camisa militar, cortáronme a trenza e non me deixaron máis que pelo sobre a fronte"; "Os alemáns rebentaron a tiros toda a aldea e despois liscaron... Achegámonos ao lugar dende onde o fixeran: a area amarela ben pisada, sobre ela había un zapato de neno...". En máis dunha ocasión advertíronme (sobre todo escritores homes): "As mulleres inventan". Sen embargo, comprobeino: iso non se pode inventar. Copiado dalgún libro? Só se pode copiar da vida, só a vida real ten tanta fantasía.

As mulleres, falen do que falen, sempre teñen presente a mesma idea: a guerra é ante todo un asasinato e, ademais, un duro traballo. Por último, tamén está a vida cotiá: cantaban, namorábanse, peiteábanse...

(...)

Visitei a unha familia... Os dous combateran, o marido e a muller. Coñecéronse na fronte e casáronse: "Celebramos a voda nas trincheiras. A véspera do combate. Arranxei un vestido branco coa tea dun paracaídas alemán". El era tirador de metralladora, ela facía de enlace. O home, sen rodeos, enviou á muller á cociña: "Prepáranos algo?". Unha vez servidos o té e os petiscos, ela sentouse con nós, e o marido enseguida fíxoa erguerse de novo: "E os amorodos? Onde está o tesouro dos nosos campos?". Tiven que insistir, pero o marido finalmente cedeulle o seu sitio á muller. Antes de marchar lembroulle: "Cón tao como che ensinei. Sen bágoas nin parvadas de mulleres: Eu quería ser guapa... Chorei cando me cortaron a trenza...". Máis tarde, case bisbando, ela confesoume: "Pasou a noite facéndome estudar o volume de A historia da Gran Guerra Patria. Preocúpase por min. E agora seguro que está sufrindo porque sabe que acabarei recordando algo que non debo".

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@ cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

3 DE MAIO

Arrolo interrompido
(Broken Lullaby,
Ernst Lubitsch, EUA,
1932, 76', VOSG)

10 DE MAIO

Sesión especial para a festa do 17: Falas raras.

17 DE MAIO

Carta de amor
(恋文 [Koibumi],
Kinuyo Tanaka, Xapón,
1953, 98', VOSG)

24 DE MAIO

A cadaquén o seu
(To Each His Own,
Mitchell Leisen, EUA,
1946, 122', VOSG)

31 DE MAIO

Ás
(Крылья [Krylya],
Larisa Shepitko, URSS,
1966, 85', VOSG)